



AZALEA DE SIMS

Rhododendron simsii

SABÍAS QUE...? En China a azalea simboliza a feminidade.

É un xénero de plantas anxiospermas pertencente á familia Ericaceae, que contén máis de 1000 especies coñecidas. Pertence ao xénero *Rhododendron*, no cal se atopan tamén as Azaleas. Orixinal de Asia do Leste (Xapón).

Nome común: Azalea de Sims (cast.); Azalea de Sims (gal.); Sims Azalea (ing.).

Etimoloxía:

- *Rhododendron*: nome xenérico que deriva das palabras gregas **ῥόδον**, rhodon = "rosa" e **δένδρον**, dendron = "árbore"
- *simsii*: O adxectivo específico é dedicatoria a John Sims (1749-1831), médico e botánico inglés, fundador da Sociedade Linneana e editor de varias revistas de botánica, entre elas *Botanical Magazine*

Descrición da especie: Arbusto que pode chegar a alcanzar os 2 m de altura, pero adoita medir de 50 a 60 cm de alto, ramificada desde a base. As súas pequenas follas son caducas, verdes, brillantes, alargadas e lixeiramente pubescentes. As flores, simples ou dobres, son brancas, rosadas, vermellas, asalmoadas ou bicolors. A floración prodúcese en inverno ou primavera, en grupos de 3 ó 5. A froita seca é unha cápsula que contén gran número de pequenas sementes. A pesar do doce perfume das flores, o néctar é tóxico, que contén grayanotoxin.

